

Concello de Bueu

ACTA NÚM. 3 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE CAPATAZ DE OBRAS (C2), INCLUÍDA NA OEP 2023

Asisten:

Presidenta: Juan Miguel Martínez Pérez

Vogais: Benjamín Penín Fandiño; David Mayán Garrido; e Sonia María Cacabelos Cobas

Secretaria: Lara Otero Díaz

En Bueu, mediante sesión telemática de todos salvo da secretaria, sendo as 11.21 horas do día 6 de abril do 2026, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura mediante persoal funcionario de carreira dunha vacante de capataz de obras (C2) na quenda de promoción interna, segundo as bases aprobadas pola XGL o 30.09.2025 (CSV 459HGPJXZE5D6WC7YY74RA) e nomeado mediante a R.A 2026-0196 do 30.01.2026 (CSV 7KWRDXGL6QM6QK2LGYXQ9NQ5G), coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas.

O pasado 25.02.2026 o tribunal realizou e publicou a valoración definitiva da fase de concurso e convocou ás persoas aspirantes á realización do exercicio único da fase de oposición o 24.03.2026 ás 11.30 horas na sala de concelleiros da casas consistorial e ao tribunal en idéntica data pero ás 11.00 horas, para elaborar a proba escollendo 20 preguntas da batería de preguntas formuladas polo tribunal.

Así as cousas, escóllense as seguintes 20 preguntas dunha batería de 32 preguntas, quedando configurado o exame como segue (transcrito tal e como se entregará ás persoas aspirantes, salvo porque non se incluírá a negraña remarcando o enunciado e a resposta correcta):

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE CAPATAZ/A DE OBRAS(C2), INCLUÍDA NA OEP 2023

PROCESO SELECTIVO PARA LA COBERTURA, EN TURNO DE PROMOCIÓN INTERNA Y MEDIANTE PERSONAL FUNCIONARIO DE CARRERA, DE UNA VACANTE DE CAPATAZ/A DE OBRAS (C2), INCLUIDA EN LA OEP 2023

Normas da proba:

- 1) Estará conformada por 20 preguntas tipo test. Non hai preguntas de reserva.
- 2) Dispón dun máximo de 60 minutos para realizala.
- 3) Cada pregunta disporá de tres alternativas, das que só unha será correcta.
- 4) Non descontarán as preguntas non contestadas nin as contestadas erróneamente.
- 5) A proba cualificarase de 0 a 20 puntos e deberá obter unha puntuación mínima de 10 puntos para superala. É dicir, as persoas aspirantes precisarán obter 10 respostas correctas para superar a proba.

Normas de la prueba:

- 1) Estará conformada por 20 preguntas tipo test. No hay preguntas de reserva.
- 2) Dispone de un máximo de 60 minutos para realizarla.
- 3) Cada pregunta dispondrá de tres alternativas, de las que solo una será correcta.
- 4) No descontarán las preguntas no contestadas ni las contestadas erróneamente.
- 5) La prueba se calificará de 0 a 20 puntos y deberá obtener una puntuación mínima de 10 puntos para superarla.

Es decir, las personas aspirantes precisarán obtener 10 respuestas correctas para superar la prueba.

EXAMEN EN LENGUA CASTELLANA

1. La brigada municipal de obras recibe un orden para realizar tareas de reparación en un camino rural situado en la parroquia de Beluso. Para realizar el trabajo será necesario transportar maquinaria pesada, herramientas y materiales desde el almacén municipal hasta el lugar de la actuación. ¿Teniendo en cuenta el conocimiento del término municipal y la organización del trabajo, que criterio debería priorizar el capataz?

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029



Concello de Bueu

- A) Escoger siempre la ruta más corta independientemente del estado de la vía.
B) Escoger la ruta que permita el acceso seguro de la maquinaria y vehículos pesados, aunque el recorrido sea algo más largo.
C) Utilizar exclusivamente vías urbanas.
2. Durante la ejecución de una pequeña obra municipal para construir un almacén destinado al material de la brigada de servicios, el capataz consulta el plano de planta en el que aparece representada a la longitud de un muro con una medida de 6 cm. El plano está dibujado la escala 1:100. ¿Cuál sería la longitud real del muro en la obra?
A) 0,6 metros.
B) 6 metros.
C) 60 metros.
3. Durante la revisión de un plano de obra para construir una pequeña edificación municipal, el capataz observa que en una sección del plano aparece indicada la cota -0,40 respecto al nivel de referencia 0,00 del edificio. ¿Que significa eso?
A) Que el elemento está ubicado 40 cm por encima del nivel de referencia del edificio.
B) Que el plano contiene un error y debe revisarse antes de iniciar los trabajos.
C) Que el elemento está ubicado 40 cm por debajo del nivel de referencia del edificio.
4. En un proyecto para rehabilitar un edificio municipal el capataz revisa la documentación técnica y observa un plano en el que se representa a la fachada principal del edificio, incluyendo puertas, ventanas, altura de los forjados y la forma de la cubierta. ¿Qué tipo de plano es lo descrito?
A) Plano de alzado.
B) Plano de planta.
C) Plano de detalle constructivo.
5. En una obra municipal destinada a la reparación de una acera deteriorada, la brigada de obras debe ejecutar una pequeña base de hormigón para reforzar la estructura del pavimento antes de colocar las nuevas baldosas. ¿Que componentes básicos deben formar parte de la mezcla del hormigón?
A) Cemento, áridos (arena y graba) y agua.
B) Cual, tierra y arena.
C) Arena y agua exclusivamente.
6. En una obra de construcción en una zona rural de Bueu, el capataz decide emplear un sistema tradicional de construcción para levantar un pequeño muro perimetral utilizando piedras naturales colocadas manualmente y unidas mediante mortero. ¿Qué tipo de muro se está construyendo en este caso?
A) Muro de mampostería.
B) Muro estructural.
C) Muro clásico de vidrio.
7. Durante la ejecución de una obra municipal para instalar una nueva canalización de drenaje en un camino pequeño y rural del ayuntamiento, la brigada de obras debe abrir una zanja de varios metros de longitud y aproximadamente un metro de profundidad. ¿Qué maquinaria sería la más adecuada?
A) Una grúa torre.
B) Una retroexcavadora.
C) Un camión hormigonera.
8. En una intervención en un camino rural, el capataz decide que ciertos trabajos de nivelación del terreno pueden realizarse manualmente debido a la pequeña superficie de la zona afectada. ¿Qué herramienta sería la más adecuada?
A) Martillo neumático.
B) Serra circular.
C) Pala o legón.



Concello de Bueu

9. ¿Cuál de las siguientes medidas corresponde aproximadamente a un ladrillo cerámico tradicional?

- A) **24 × 11,5 × 5 cm.**
- B) 60 × 40 × 20 cm.
- C) 10 × 10 × 1 cm.

10. En una obra municipal de rehabilitación de un edificio antiguo situado en la zona más costera de Bueu, el capataz debe decidir que material utilizar para sustituir la cubierta existente. El objetivo es mantener un sistema tradicional pero que resista bien a las condiciones climatológicas propias de la zona. ¿Qué material usaría?

- A) Vidrio templado.
- B) PVC transparente.
- C) **Loseta/Losa natural.**

11. En una obra municipal de mantenimiento de un edificio público, el capataz debe seleccionar el tipo de pintura más adecuado para pintar las paredes interiores de una oficina administrativa. ¿Cuál sería?

- A) Pintura bituminosa.
- B) **Pintura plástica.**
- C) Pintura epoxi industrial.

12. Durante la ejecución de una obra municipal de urbanización, el capataz revisa un plano en el que aparece indicada la cota 0,20 respecto al nivel de referencia 0,00 del proyecto. ¿Qué significa eso?

- A) **Que el elemento está 20 cm por encima del nivel de referencia.**
- B) Que el elemento está 20 cm por debajo del nivel de referencia.
- C) Que el plano contiene un error.

13. En un elemento estructural se incorporan barras de acero en el interior del hormigón para absorber esfuerzos de tracción. ¿De qué tipo de sistema se trata?

- A) Hormigón simple.
- B) **Hormigón armado.**
- C) Hormigón ciclópeo.

14. Durante la construcción de un pequeño almacén municipal, el capataz observa que uno de los muros exteriores está diseñado para soportar parte del peso de la estructura superior y transmitirlo a la cimentación. ¿Qué muro es este?

- A) **Muro de carga.**
- B) Tabique interior.
- C) Muro decorativo.

15. En una escala 1:75, un rectángulo de 4 cm × 3 cm un plano tiene una superficie real de:

- A) **6,75 m²**
- B) 67,5 m²
- C) 675 m²

16. En una obra municipal de urbanización de una calle participan simultáneamente la brigada municipal de obras y una empresa contratista. Durante la ejecución, el capataz observa que las dos brigadas están trabajando en la misma zona sin una coordinación de las actividades de cada una. De acuerdo con la normativa de prevención de riesgos laborales, ¿qué actuación sería la más correcta?

- A) Permitir que cada empresa aplique sus propias medidas de prevención separadamente.
- B) **Establecer un sistema de coordinación y, si procede, proponer un coordinador de seguridad y salud.**
- C) Exigir la coordinación de los trabajos solo si el número de trabajadores supera los veinte.

17. En la ejecución de un revestimiento exterior, la aparición de fisuras en forma de red (cuarteo) suele

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029



Concello de Bueu

deberse a:

- A) Aplicación sobre soporte perfectamente seco.
- B) Secado demasiado rápido o mala dosificación del mortero.**
- C) Exceso de espesor del soporte estructural.

18. En un plano con escala 1:50, una longitud medida de 7,2 cm representa en la realidad:

- A) 3,60 m.**
- B) 36,00 m.
- C) 0,36 m.

19. En un muro de fábrica de ladrillo, la disposición de los ladrillos alternando sogas y tizones se denomina:

- A) Aparejo a panderete.
- B) Aparejo inglés.**
- C) Aparejo a tizón.

20. Durante el hormigonado de un pilar se detecta segregación del hormigón. ¿Cuál es la causa más probable?

- A) Exceso de vibrado o mala dosificación.**
- B) Falta de encofrado.
- C) Uso exclusivo de árido grueso.

EXAMEN EN LINGUA GALEGA

1. A brigada municipal de obras recibe unha orde para realizar tarefas de reparación nun camiño rural situado na parroquia de Beluso. Para realizar o traballo será necesario transportar maquinaria pesada, ferramentas e materiais desde o almacén municipal ata o lugar da actuación. Tendo en conta o coñecemento do termo municipal e a organización do traballo, que criterio debería priorizar o capataz?

- A) Escoller sempre a ruta máis curta independentemente do estado da vía.
- B) Escoller a ruta que permita o acceso seguro da maquinaria e vehículos pesados, aínda que o percorrido sexa algo máis longo.**
- C) Utilizar exclusivamente vías urbanas.

2. Durante a execución dunha pequena obra municipal para construír un almacén destinado ao material da brigada de servizos, o capataz consulta o plano de planta no que aparece representada a lonxitude dun muro cunha medida de 6 cm. O plano está debuxado a escala 1:100. Cal sería a lonxitude real do muro na obra?

- A) 0,6 metros.
- B) 6 metros.**
- C) 60 metros.

3. Durante a revisión dun plano de obra para construír unha pequena edificación municipal, o capataz observa que nunha sección do plano aparece indicada a cota -0,40 respecto ao nivel de referencia 0,00 do edificio. Que significa iso?

- A) Que o elemento está situado 40 cm por enriba do nivel de referencia do edificio.
- B) Que o plano contén un erro e debe revisarse antes de iniciar os traballos.
- C) Que o elemento está situado 40 cm por debaixo do nivel de referencia do edificio.**

4. Nun proxecto para rehabilitar un edificio municipal o capataz revisa a documentación técnica e observa un plano no que se representa a fachada principal do edificio, incluíndo portas, ventás, altura dos forxados e a forma da cuberta. Que tipo de plano é o descrito?

- A) Plano de alzado.**
- B) Plano de planta.
- C) Plano de detalle construtivo.



Concello de Bueu

5. Nunha obra municipal destinada á reparación dunha beirarrúa deteriorada, a brigada de obras debe executar unha pequena base de formigón para reforzar a estrutura do pavimento antes de colocar as novas baldosas. Que compoñentes básicos deben formar parte da mestura do formigón?

A) Cemento, áridos (area e grava) e auga.

B) Cal, terra e area.

C) Area e auga exclusivamente.

6. Nunha obra de construción nunha zona rural de Bueu, o capataz decide empregar un sistema tradicional de construción para levantar un pequeno muro perimetral utilizando pedras naturais colocadas manualmente e unidas mediante morteiro. Que tipo de muro se está construíndo neste caso?

A) Muro de cachotería.

B) Muro estrutural.

C) Muro clásico de vidro.

7. Durante a execución dunha obra municipal para instalar unha nova canalización de drenaxe nun camiño pequeno e rural do concello, a brigada de obras debe abrir unha gabia de varios metros de lonxitude e aproximadamente un metro de profundidade. Que maquinaria sería a máis adecuada?

A) Unha grúa torre.

B) Unha retroescavadora.

C) Un camión formigoneira.

8. Nunha intervención nun camiño rural, o capataz decide que certos traballos de nivelación do terreo poden realizarse manualmente debido á pequena superficie da zona afectada. Que ferramenta sería a máis adecuada?

A) Martelo pneumático.

B) Serra circular.

C) Pá ou legón.

9. Cal das seguintes medidas corresponde aproximadamente a un ladrillo cerámico tradicional?

A) 24 × 11,5 × 5 cm.

B) 60 × 40 × 20 cm.

C) 10 × 10 × 1 cm.

10. Nunha obra municipal de rehabilitación dun edificio antigo situado na zona máis costeira de Bueu, o capataz debe decidir que material utilizar para substituír a cuberta existente. O obxectivo é manter un sistema tradicional pero que resista ben ás condicións climatolóxicas propias da zona. Que material usaría?

A) Vidro temperado.

B) PVC transparente.

C) Lousa natural.

11. Nunha obra municipal de mantemento dun edificio público, o capataz debe seleccionar o tipo de pintura máis axeitado para pintar as paredes interiores dunha oficina administrativa. Cal sería?

A) Pintura bituminosa.

B) Pintura plástica.

C) Pintura epoxi industrial.

12. Durante a execución dunha obra municipal de urbanización, o capataz revisa un plano no que aparece indicada a cota +0,20 respecto ao nivel de referencia 0,00 do proxecto. Que significa iso?

A) Que o elemento está 20 cm por enriba do nivel de referencia.

B) Que o elemento está 20 cm por debaixo do nivel de referencia.

C) Que o plano presenta un erro.

13. Nun elemento estrutural incorpóranse barras de aceiro no interior do formigón para absorber esforzos de

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029



Concello de Bueu

tracción. De que tipo de sistema trátase?

- A) Formigón simple
- B) Formigón armado**
- C) Formigón ciclópeo

14. Durante a construción dun pequeno almacén municipal, o capataz observa que un dos muros exteriores está deseñado para soportar parte do peso da estrutura superior e transmitilo á cimentación. Que muro é este?

- A) Muro de carga.**
- B) Tabique interior.
- C) Muro decorativo.

15. Nunha escala 1:75, un rectángulo de 4 cm × 3 cm un plano ten unha superficie real de:

- A) 6,75 m²**
- B) 67,5 m²
- C) 675 m²

16. Nunha obra municipal de urbanización dunha rúa participan simultaneamente a brigada municipal de obras e unha empresa contratista. Durante a execución, o capataz observa que as dúas brigadas están traballando na mesma zona sen unha coordinación das actividades de cada unha. De acordo coa normativa de prevención de riscos laborais, que actuación sería a máis correcta?

- A) Permitir que cada empresa aplique as súas propias medidas de prevención separadamente.
- B) Establecer un sistema de coordinación e, se procede, propor un coordinador de seguridade e saúde.**
- C) Esixir a coordinación dos traballos só se o número de traballadores supera os vinte.

17. Na execución dun revestimento exterior, a aparición de fisuras en forma de rede (cuarteo) tende a deberse a:

- A) Aplicación sobre soporte perfectamente seco.
- B) Secado demasiado rápido ou mala dosificación do morteiro.**
- C) Exceso de espesor do soporte estrutural.

18. Nun plano con escala 1:50, unha lonxitude medida de 7,2 cm representa na realidade:

- A) 3,60 m.**
- B) 36,00 m.
- C) 0,36 m.

19. Nun muro de fábrica de ladrillo, a disposición dos ladrillos alternando sogas e tizóns denomínase:

- A) Aparello a pandeirete.
- B) Aparello inglés.**
- C) Aparello a tizón.

20. Durante o formigonado dun pilar, detéctase segregación do formigón. Cal é a causa máis probable?

- A) Exceso de vibrado ou mala dosificación.**
- B) Falta de encofrado.
- C) Uso exclusivo de árido groso.

Ás 11.30 horas comeza a impresión das dúas copias do exame que é necesario realizar, en lingua castelá e galega nun mesmo documento. Como a proba se vai a corrixir ao seu remate en presenza das persoas aspirantes e son unicamente dúas, enténdese que non é necesario imprimir cadros identificativos e códigos anonimizados, pois ademais a proba é tipo test e por tanto carente de toda posible subxectividade na súa corrección.

Con todo, ás 11.36 horas comeza o chamamento e estando presente as persoas aspirantes convocadas, toman asento e a



Concello de Bueu

secretaría do tribunal explica as normas da proba: ten 20 preguntas, 60 minutos para resolvelas, teñen 3 alternativas e só unha é correcta, non descontan as preguntas non contestadas, non descontan as respostas incorrectas, a proba puntuarase de 0 a 20 puntos e debe obter un 10 para superala, isto é, hai que contestar correctamente a 10 preguntas. Ademais indica que cando remate corrixirase o seu exame e se queren, o que lles prega o tribunal que fagan, poden quedarse á corrección para coñecer as cualificacións obtidas.

Con todo, a proba comeza ás 11.38 horas e indícaselle que dispoñen de 60 minutos para realizala, ata as 12.38 horas. As persoas aspirantes entregan a proba ás 12.16 horas, antes do seu remate.

En consecuencia, o tribunal inicia a corrección ás 12.16 horas en presenza dos aspirantes, co resultado seguinte:

Aspirante	Correctas	Incorrectas	En branco	Puntuación
CALVIÑO LOPEZ, MARTÍN	18	2	0	18
RIVAS MARIÑO, JOSÉ MANUEL	19	1	0	19

De acordo coas bases xerais do proceso “As puntuacións/cualificacións resultantes da corrección dos diferentes exercicios da fase de oposición faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Os/as aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios e páxina web municipais. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios e páxina web municipais”.

En consecuencia, indícaselle á aspirante que se lle dará un prazo de 5 días hábiles dende a publicación da acta na web e no taboleiro e que, no devandito prazo, poderá formular alegacións/reclamacións respecto das preguntas realizadas, da resposta entendida correcta e da corrección realizada e en cuxa virtude se lle outorga unha determinada cualificación.

A vista do que antecede, o tribunal acorda:

1. Publicar esta acta no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal e na web.
2. Outorgar as seguintes cualificacións provisionais ás persoas aspirantes do proceso:

Aspirante	Correctas	Incorrectas	En branco	Puntuación
CALVIÑO LOPEZ, MARTÍN	18	2	0	18
RIVAS MARIÑO, JOSÉ MANUEL	19	1	0	19

3. Outorgar á persoa aspirante **5 días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación desta acta, para que a aspirante presente alegacións/reclamacións.
4. Convocar ao tribunal o vindeiro 15.04.2026 ás 12.00 horas para resolver a/s alegación/s no seu caso presentadas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase o acto ás 12.22 horas, ordenándose a redacción desta acta á secretaría que é asinada dixitalmente a través da plataforma de xestión de expedientes do concello de Bueu.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029

